



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA 8 DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

**Expte: 2025/G007/00012**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día 8 de abril de dous mil vinte e cinco, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 154 de data 7 de abril/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 01.04.2025 (ORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 01.04.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/5.-**

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

#### **APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/5**

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2025/5 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 19 facturas ascende á cantidade de DOUSCENTOS DEZASEIS MIL NOVECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (216.957,02 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Vista a solicitude de data 27/03/2025 de cesión de dereito de cobro das facturas emitidas por Atendo Calidade, S. L. números E25/51 e E25/52 por importes de 65.719,52 euros e 5.754,06 euros, respectivamente a favor da financeira Borrox Finance, S. L. e

considerando que a mesma cumpre os requisitos formais para a tramitación do endoso (solicitud asinada por cedente e cesionario indentificando as facturas, copia de poderes suficientes e identificación dos representantes de ambas entidades).

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2025/5 por importe bruto de 216.957,02 euros.

**SEGUNDO.- APROBAR** o endoso das facturas números E25/51 e E25/52 con número de rexistros contables F/2025/574 e F/2025/575 e importes de 65719,52 euros e 5754,06 euros emitidas por Atendo Calidade, S. L. a favor de Borrox Finance, S. L. (CIF nº B87774931)

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) ”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X999/000063).**

### **3º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO DE PISTA POLIDEPORTIVA E DÚAS PISTAS DE PADEL CUBERTAS NO ESPACIO DE ATIOS (POS + OBRASSUM/2021).**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Expediente: 2024/C003/000001**

A Xunta de Goberno Local de data 10.09.24, aprobou expediente de contratación e comezo de adxudicación da obra: “Proxecto básico e de execución modificado de pista polideportiva e dúas pistas de padel cubertas no espazo deportivo de Atios” ao abeiro da subvención engadida no Plan de Obras e Servizos (Plan Único Concellos) POS +2021.

Proxecto redactado pola arquitecta Victoria Alonso Caeiro, COAG 3013.

Importe total do proxecto- 299.741,27 € (sen iva)

IVE-62.945,67 €

Total proxecto – 362.686,94 €

**Financiamento:**

Deputación -200.227,77  
Concello – 162.459,17  
Total proxecto- 362.686,94

Realizada a publicación da Licitación na Plataforma de Contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante en data 16.09.2024 e presentadas as ofertas, en sesión de 17.10.2024, ratificada o 17.12.2024, a Mesa de Contratación aperturou e examinou a documentación do sobre “A”, resultando que todas as empresas licitadoras presentaron a documentación completa e correcta, quedando admitidas na licitación.

En sesión de data 20.12.2024 a Mesa de Contratación celebra sesión para apertura das ofertas económicas, contidas no sobre “C”, e procede a valoración das ofertas, co Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación sen iva 299.741,27 €.

**MERAKI CR, S. L.** en la que se hace constar que:

Prezo sen IVA: 299.580,12 €  
Impuesto sobre el valor añadido (IVA) Porcentaje: 21 %. Importe 62.911,82 €  
TOTAL con IVA: 362.491,94 €

**SOTEGA NOROETE,S.L.** en la que se hace constar que:

Prezo sen IVE 285.683,41 €  
Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 % Importe: 59.993,52 €  
TOTAL con IVA 343.676,93 €

**SERVIPLUSTOTAL S.L.** en la que se hace constar que:

Prezo sen IVE: 295.245,15 €.  
Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe 62.001,48 €  
TOTAL : 357.246,63 €

Unha vez remitida a información se efectúa a valoración co programa de valoración de ofertas económicas da Diputación de A Coruña tomando como referencia el precio sin IVA: 299.741,27 euros, resultando:

NIF: B06909501 MERAKI CR S.L.: - Oferta económica 299.580,12 € Porcentaje de baja: 0,05 % Puntuación: 0,23 Baixa temeraria: No

NIF: B36518231 SOTEGA NOROESTE SL: - Oferta económica 285.683,41 € Porcentaje de baja: 4,69 % Puntuación: 21,89 Baixa temeraria: **Sí.**

NIF: B70019294 SERVIPLUSTOTAL S.L.: - Oferta económica 295.245,15 € Porcentaje de baja: 1,50 % Puntuación: 7,00 Baixa temeraria: No

Polo que a oferta presentada por SOTEGA NOROESTE, S. L. resulta unha oferta anormalmente baixa.

Por elo, a Mesa de Contratación por unanimidad dos presentes, acordou:

*“1º REQUERIR a la empresa NIF: B36518231 SOTEGA NOROESTE, S. L. para que dentro del plazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) desde la recepción de la notificación, justifique su oferta, acompañando la documentación a que se refiere el apartado 15.4.4 del pliego de cláusulas administrativas que rigen la contratación. La documentación será presentada en el registro municipal firmada.*

*2º.- La documentación justificativa realizada por el licitador incurso en baja, será remitida a informe de los servicios técnicos con el fin de que emitan el correspondiente informe sobre justificación o no de baja anormal.”*

Realizado o correspondente requirimento á empresa SOTEGA NOROESTE SL incurso na baixa, presenta en prazo a documentación para xustificar a baixa anormal; documentación que se examina e se emite informe técnico en data 29.01.2025 no que conclúe ca seguinte conclusión:

*“V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa SOTEGA NOROESTE SL **non queda xustificada a oferta económica presentada, considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada, por non axustarse ao contido fixado no artigo 15.4.4 dos Pregos de cláusulas administrativas particulares da presente obra.**”*

En data 7.4.2025 a Mesa de Contratación réunese para a toma de coñecemento do informe técnico que antecede e por unanimidade acorda requirir a documentación á empresa SERVIPLUSTOTAL S.L. co CIF B70019294 por ser a empresa máis vantaxosa e non incorrer en baixa temeraria.

En base ao indicado, esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro.-** Considerando que a empresa máis ventaxosa economicamente SOTEGA NOROESTE SL, conforme ao informe técnico, non queda xustificada a súa oferta, a seguinte empresa é **SERVIPLUSTOTAL S.L. co CIF B70019294**; que presenta **unha oferta de:**

Prezo sen IVE: 295.245,15 €.

Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe 62.001,48 €

TOTAL : 357.246,63 €

**REQUERIR, para poder serlle adjudicado o contrato** á empresa **CIF: B70019294 SERVIPLUTOTAL SL** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula **16.- Adjudicación**; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; salvo que estea inscrito no Rexistro Oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, para cuxos efectos deberá indicar esta circunstancia e número de inscrición, sempre que esta documentación se corresponda coa esixida na presente cláusulas (16) e estea vixente. Deberá presentar a documentación indicada nos apartados 11,12,13 e 14 de presente cláusula.

Deberá aportar o certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia.

En todo caso deberá constituír a garantía definitiva por importe do 5% do prezo final do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo solicitar nese caso, esta documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo a ” a “SOTEGA NOROESTE S.L.” e “MERAKI CR, S. L”. para o seu coñecemento e efectos.

Non en tanto, a Xunta de Goberno Local, decidirá o que estime convinte.

Documento asinado electrónicamente na marxe polo alcalde”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000001).**

#### **4º.-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*